

Disposición adicional décimoitava.

Dos profesores estables ou permanentes dos centros de titularidade pública de ensino superior (INEF), creados con anterioridade á incorporación á universidade dos estudos conducentes ao título oficial en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Aos efectos do acceso destes profesores ao Corpo de Profesores Titulares de Universidade, os profesores funcionarios numerarios da Escala de Profesores do INEF de Galicia (Administración Xeral, Grupo A) da Xunta de Galicia que, á entrada en vigor desta Lei posúan o título de doutor ou que o obteñan tras a súa entrada en vigor e se acrediten especificamente conforme ao procedemento regulado nos seus artigos 57 e 59, accederán directamente ao Corpo de Profesores Titulares de Universidade, nas súas propias prazas da Universidade de A Coruña.